



Estatutos da Asociación ONGD "Mi Perú"

CAPÍTULO I DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1º.- Constitúese en Santiago de Compostela unha Asociación sen ánimo de lucro que se denominará "ASOCIACIÓN" ONGD "Mi Perú", destinada a impulsar o desenvolvemento dos países menos desenvolvidos.

A Asociación rexeráse polos presentes Estatutos, pola Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociacións e pola demais lexislación existente en materia de Asociacións que lle sexa aplicable.

Artigo 2º.- Son fins principais da Asociación:

1. Impulsar o desenvolvemento económico, social e cultural de familias pertencentes a países en vías de desenvolvemento.
2. Fomentar e facilitar a escolarización de nenos e nenas.
3. Crear relacións culturais entre Galicia e os países nos que se desenvolva o traballo da ONGD.

Artigo 3º.- Para acadar as súas fins se realizarán as seguintes actividades:

1. Crear un sistema de bolsas de estudo para os nenos e nenas escolarizados.
2. Promover campañas de recollida de cartos, roupa, material escolar, menciñas, etc.
3. Promover campañas de sensibilización e actividades culturais dirixidas a difundir a realidade social dos países nos que se desenvolven as actividades da ONGD.
4. Facilitar a comunicación, por diversos medios, entre os asociados e as familias beneficiadas co obxecto de crear e fortalecer lazos culturais.
5. Realizar actividades formativas naqueles lugares nos que teña presenza a ONGD.
6. Facilitar o acceso ó mercado laboral dos pais ou titores dos nenos e nenas cos que traballa a ONGD.



Carlos de la Cruz

Tratado de la Cruz

B. Cruz

Lucía



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

Artigo 4º.- O domicilio principal e permanente da Asociación radicará na localidade de Santiago de Compostela, rúa de Santiago del Estero nº 7, 5ºE, C.P. 15706, teléfono 652.844.224 e correo electrónico miperu_ong@yahoo.es

Poderanse utilizar outros locais asociativos adicionais noutras cidades, mediante acordo da Xunta Directiva, que terá atribucións para cambiar, tanto o domicilio como os locais, dando conta do seu acordo ó Organismo encargado do Rexistro de Asociacións. Para os efectos de comunicacións e notificacións sinálanse como preferentes as seguintes direccións:

- Rúa Santiago del Estero nº 7, 5ºE, Santiago de Compostela, C.P. 15706
- Teléfono 1: 652844224
- Teléfono 2: 605346226
- Correo electrónico 1: miperu_ong@yahoo.es
- Correo electrónico 2: charlidemiguel@hotmail.com

Artigo 5º.- A asociación en función das súas fins e da ubicación do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.


Artigo 6º.-

1. A duración desta Asociación é de carácter indefinido e só se disolverá, conforme a estes Estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.


2. A Asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

CAPÍTULO II DOS ASOCIADOS

Artigo 7º.- Poderán ser asociados da ONGD todas aquelas persoas físicas ou xurídicas, con plena capacidade de obrar ou tralo acordo do órgano competente da persoa xurídica, que reúnan os seguintes requisitos:




Carlos de Regal



Valentín



B. Juncal



Lucía²



- a. Ter capacidade de obrar.
- b. Estar interesado en compartir o seu tempo por esta causa.

Artigo 8º.- Dentro da Asociación existirán as seguintes clases de asociados:

- a. Asociados fundadores, serán as persoas físicas que participen no acto de constitución da ONGD.
- b. Asociados de número, serán as personas físicas que ingresen despois da constitución da ONGD, que sexan aceptadas pola Xunta Directiva.
- c. Asociados colaboradores, serán as persoas físicas ou xurídicas que presten á ONGD axuda e cooperación ofrecendo servizos gratuitos e sen contraprestación algunha, de xeito permanente. Os socios colaboradores prestarán os seus servizos ó amparo da normativa vixente sobre voluntariado.
- d. Asociados protectores, serán as persoas físicas ou xurídicas que contribúen voluntariamente coa ONGD cunha aportación económica que estes acorden coa Xunta Directiva.
- e. Asociados de honra, serán os que polo seu prestixio e contribucións relevantes axuden ó bo funcionamento da Asociación. O seu nomeamento corresponderá á Xunta Directiva.

Artigo 9º.- Os asociados de número e fundadores terán os seguintes dereitos:

- a) Participar nas actividades que organice a Asociación en cumprimento das súas fins.
- b) Dispoñer de tódalas vantaxes e beneficios que a Asociación poda obter.
- c) Participar nas Asembleas con voz e voto.
- d) Ser elector e elixidos para os cargos directivos.
- e) Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Asociación.
- f) Facer suxestións ós membros da Xunta Directiva para mellorar as fins da Asociación.

Artigo 10º.- Os asociados fundadores e de número terán as seguintes obrigas:

- a) Cumprir os presentes estatutos e os acordos válidos das Asembleas e a Xunta Directiva.
- b) Aboar as cotas que se fixen.
- c) Asistir ás Asembleas e demais actos que se organicen.

Carla de Feij

Isabelo Vísio

B. [Signature]

Lucía
3



d) Desempeñar, no caso, as obrigas propias do cargo que exerzan.

Artigo 11º.- Os asociados de honra, os colaboradores e os protectores terán as mesmas obrigas que os fundadores e de número do artigo anterior, a excepción dos apartados b) e d). Así mesmo, terán os mesmos dereitos que os asociados fundadores e de número, ó que se refire o artigo 9, agás o apartado d), e poderán asistir ás Asembleas con voz, pero sen voto, a excepción dos asociados colaboradores que contarán con voz e voto nas referidas Asembleas.

Artigo 12º.- Os acordos de admisión de asociados e asociadas así como a súa categoría, tomaraos a Xunta Directiva, logo de recibir a petición escrita da persoa que desexa ser admitida. No caso de menores de idade e persoas que actúen por representante, pai ou titor do solicitante, acompañará unha acreditación da identidade do solicitante.

Artigo 13º.- A condición de asociado pode perderse:

1. Pola vontade do asociado.
2. Pola falta de dous ou máis pagos das cotas.
3. Pola realización de accións que prexudiquen gravemente os intereses da Asociación.
4. Por expediente disciplinario.

Artigo 14º.- A expulsión de asociados e asociadas acordarase pola Xunta Directiva, con previa audiencia do interesado. O acordo de expulsión poderá ser recorrido ante a xurisdición ordinaria.


Cando a baixa se produza por vontade dun/unha asociado/a, deberá realizar unha petición escrita e procederá o aboamento previo de tódalas cotas que teña pendentes.

Artigo 15º.- Os asociados poderán pedir a separación temporal por escrito.

A Xunta Directiva poderá acordar a separación temporal dun asociado cando estea tramitando un expediente sancionador, ou concorran causas xustificadas que o aconsellen, tales como o retraso no pago dalgunha cota, ou comportamentos que afecten a boa marcha dalgún dos fins da Asociación. O expediente sancionador



Carlos de Negra



Valentín Rubio



Lucía
#4



recollerase no Regulamento de réxime interno, pero en todo caso a Resolución poderase recorrer perante a xurisdición ordinaria.

CAPÍTULO III DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 16º.- Serán órganos da Asociación ONGD MI Perú: a Xunta Directiva, a Asemblea Xeral e os asociados nas súas diferentes modalidades.

A dirección e administración da Asociación serán exercidas polo Presidente, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

DO PRESIDENTE

Artigo 17º.-

1. O Presidente da Asociación asume a representación legal da mesma ante organismos públicos e privados. Convocará e levantará as sesións que celebre a Asemblea Xeral, executará os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, presidindo as sesións que celebre unha e outra.

Dirixirá as deliberacións tanto da Xunta Directiva coma da Asemblea Xeral. Correspóndelle ordenar pagos e autorizar coa súa firma os documentos, actas e correspondencia; adoptar medidas urxentes cando non poda reunirse a Xunta Directiva, sen prexuízo de darlle contas posteriormente.

2. O Presidente será designado pola Asemblea Xeral entre socios que teñan polo menos 1 ano de antigüidade e o seu mandato durará catro anos.

3. En caso de empate o voto do Presidente terá a consideración de voto de calidade.

4. O Presidente será asistido nas súas funcións por un vicepresidente, que, ademáis, lle substituirá nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.



DA XUNTA DIRECTIVA

Artigo 18º.- A Asociación será xestionada e representada pola Xunta Directiva formada, como mínimo, por un Presidente, un Vicepresidente, un Secretario, un Tesoureiro e un vogal. En ningún caso, o número dos seus membros poderá ser superior a nove.

Só poderán formar parte da Xunta Directiva os asociados fundadores ou de número. Para pertencer a Xunta Directiva será necesario ser maior de idade, estar en pleno uso dos seus dereitos civís e carecer de motivos de incompatibilidades sinalados na lexislación vixente.

Artigo 19º.- Os cargos da que compoñen a Xunta Directiva serán gratuítos, sen prexuízo do dereito a que se lles reintegren os gastos debidamente xustificados, e deberán carecer de interese económica nos resultados da actividade por si mesmos ou por persoa interposta.

A Xunta Directiva será designada e revogada en Asemblea Xeral Extraordinaria. Os seus integrantes serán elixidos por maioría simple e por un período de catro anos. Tódolos membros da Xunta Directiva poderán ser reelixidos indefinidamente.

Os cargos da Xunta Directiva renovaranse por metade. No primeiro mandato dos cargos do segundo turno durará un ano máis. No primeiro turno serán renovados o Vicepresidente, o Tesoureiro e un Vogal, e no segundo turno, ó ano seguinte, o Presidente, o Secretario e outros dous vogais.

Os membros da Xunta Directiva que esgotaran o prazo para o que foron elixidos, continuarán exercendo o seu cargo ata o momento no que se produza a aceptación dos que lles substitúan.

Igualmente as persoas con cargo na Xunta Directiva poderán causar baixa tanto por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva, como por incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas e por expiración do seu mandato.

Artigo 20º.- As facultades da Xunta Directiva estenderanse con carácter xeral a tódolos actos propios das finalidades da asociación, sempre que non requiran, segundo estes Estatutos, autorización expresa da Asemblea Xeral.

Son funcións propias da Xunta Directiva:

Carle de Higl

Tratado de Higl

Lucía
B. Ojeda 6



1. Dirixir as actividades sociais e levar a xestión económica e administrativa da ONGD, acordando realizar os oportunos contratos e actos.
2. Preparar a Memoria Anual de Actividades da ONGD.
3. Preparar os Orzamentos anuais de ingresos e gastos.
4. Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral os balances e contas anuais.
5. Resolver sobre a admisión dos novos asociados, a perda de tal condición, así como, sobre o réxime específico de cotas anuais dos asociados.
6. Executar os acordos da Asemblea Xeral.
7. Crear un Regulamento de Réxime Interno e velar polo seu cumprimento.
8. Nomear delegados para algunha determinada actividade da asociación.
9. Executar os acordos da Asemblea Xeral.
10. Velar polo cumprimento dos presentes Estatutos e resolver o non previsto nos mesmos.
11. Adoptar acordos que, polo seu carácter e/ou urxencia non se podan retrasar ata a seguinte Asemblea Xeral.
12. Calquera outra facultade que non sexa competencia exclusiva da Asemblea Xeral, ou que lle transfira á Asemblea.


Artigo 21º.- A Xunta Directiva celebrará as súas sesións cantas veces o determine o presidente ou o vicepresidente, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes. Será presidida polo Presidente e na súa ausencia polo Vicepresidente ou o Secretario, por esta orde e, a falta de ambos, polo membro da Xunta Directiva que teña máis idade.

Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos deberán ser adoptados pola maioría de votos dos asistentes, sendo necesaria, para a celebración da reunión polo menos, a concorrencia de cinco dos seus membros en primeira convocatoria, mais bastará con tres cando se celebre en segunda convocatoria. No caso de empate decidirá o voto do Presidente.

Os membros da Xunta Directiva que non asistan á reunión poderán outorgar a súa representación a outro membro da Xunta Directiva, por escrito, e con carácter específico para a reunión que se trate.


Carlos Regal

Lucía

 7



Artigo 22º.- Funcións dos membros da Xunta Directiva.

1. O Secretario ou, no seu defecto, o Vicepresidente levantará actas das sesións, que se transcribirán ó libro de actas. Ademais o Secretario encargarse da dirección dos traballos puramente administrativos da Asociación; expedirá certificacións co visto e prace do Presidente, levará os libros da Asociación legalmente establecidos e o ficheiro de asociados, e custodiará a documentación da entidade. Levará un inventario dos bens da asociación nun libro establecido ó efecto.

2. O Tesoureiro recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación e dará cumprimento ás ordes de pago que expida o Presidente, dirixirá a contabilidade da Asociación, tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos asociativos, participando en tódalas operacións de orde económica.

O Tesoureiro ten a obriga de proceder ó peche do exercicio orzamentario antes do 15 de decembro, coa fin de que as contas estean a disposición dos asociados nos quince días anteriores á celebración da Asemblea Xeral ordinaria.

3. Os Vogais terán as obrigas propias do seu cargo coma membros da Xunta Directiva e as que xurdan de delegacións ou comisións de traballo que a Xunta ou Asemblea lles encomende.

DA ASEMBLEA XERAL

Artigo 23º.- A Asemblea Xeral é o órgano de expresión da vontade da Asociación. Estará formada por tódolos integrantes da mesma. O Presidente e o Secretario da Asemblea serán os mesmos que os da Xunta Directiva.

Artigo 24º.- A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario como mínimo unha vez ó ano, e con carácter extraordinario cantas veces o acorde a Xunta Directiva, ou o soliciten o 10% dos asociados. Neste último caso realizárase por medio de escrito dirixido ó Presidente, autorizado coas firmas dos solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

Artigo 25º.- A Asemblea Xeral ordinaria reunirse necesariamente dentro dos seis primeiros meses de cada ano. Tanto a Asemblea ordinaria como a extraordinaria serán convocadas con quince días de antelación polo Presidente/a.



Carlos de Negre

Tratado de Lisboa

B. Aguiar

Lucía
8



A notificación farase nos locais da Asociación para as Asembleas ordinarias e por correo electrónico dos asociados para as Asembleas extraordinarias. No caso de non dispoñer de correo electrónico notificarase no domicilio dos asociados.

Artigo 26º.- Serán competencias da Asemblea Xeral Ordinaria:

1. Aprobar a acta da reunión anterior.
2. Aprobar o plan de actividades.
3. Examinar e aprobar a memoria de actividades.
4. Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior.
5. Aprobar os orzamentos de ingresos e gastos para cada exercicio.
6. Exame e aprobación das cotas.

Artigo 27º.- Serán competencias da Asemblea Xeral extraordinaria:

1. Modificar os estatutos da Asociación.
2. Elixir os integrantes da Xunta Directiva.
3. Aprobar a federación con outras asociacións.
4. Autorizar o alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
5. Acordar a disolución da Asociación.
6. Designar ós liquidadores.
7. Ratificar a expulsión de asociados e asociadas a proposta da Xunta Directiva.
8. Solicitar a declaración de utilidade pública da Asociación.
9. Aprobar o Regulamento de réxime interno da Asociación.
10. As que sendo de competencia da Asemblea Xeral ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan esperar a súa convocatoria, sen grave prexuízo para a Asociación.
11. Tódalas non conferidas expresamente á Asemblea Xeral Ordinaria ou á Xunta Directiva.

Artigo 28º.- Para que as Asembleas poidan tomar acordos, integraranse polos/as asociados/as asistentes, sempre que concorran a metade máis un do total na primeira convocatoria ou transcorrida media hora en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes.

Artigo 29º.- Os acordos adoptados deberán selo polo voto afirmativo da maioría simple dos asistentes ou representados, excepto os relativos ós apartados 1 ó 7 do artigo 27, que requirirán maioría de dous tercios. A continuación levaranse os acordos ó Libro

Lucía

Carlos de Regal

Tuñal Castro Tuñal

B. G. [Signature]



de Actas e asinará o presidente e o/a Secretario/a da Asemblea. A Acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral e aprobada por maioría.

Artigo 30º.- Os acordos adoptados conforme os preceptos anteriores obrigarán a tódolos/as asociados/as, incluso ós/ás non asistentes.

As sesións abranse cando así o determine o Presidente. Seguidamente se procederá por parte do Secretario á lectura da acta da Asemblea anterior que deberá ser aprobada.

Posteriormente o Secretario procederá a tratar a orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta Directiva que lle corresponda, procedéndose á aprobación nos termos contados nestes Estatutos, segundo a materia de que se trate.

Unha vez rematados tódolos asuntos da orde do día se procederá, se a presidencia o considera oportuno ou o solicitan un 10% dos asociados inscritos no libro de membros, a facer un turno de rogos e preguntas e adopción de acordos. Logo se levantará a sesión por parte do Presidente.

Artigo 31º.- Os acordos que vaian contra estes Estatutos ou infrinxan as fins da Asociación poderán recorrerse en reposición perante a Asemblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, poderase recorrer perante a xurisdición ordinaria.

Artigo 32º.- As funcións de Presidente, Vicepresidente e secretario coincidirán coas persoas que ocupen este cargo na Xunta Directiva.

Artigo 33º.- O Secretario recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o libro rexistro de asociados e terá ó seu cargo a dirección dos traballos administrativos da Entidade. Correspóndelle así mesmo notifica-las convocatorias e custodia-las actas e expedir certificacións das mesmas co visto e praxe do Presidente.

Ó Secretario correspóndelle tamén levar o inventario dos bens da Asociación nun libro establecido ó efecto.

Lucía



Artigo 34º.- O Tesoureiro recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación, dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida o Presidente, dirixirá a contabilidade da Asociación, tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos asociativos, participan en tódalas operacións de orde económico.

O Tesoureiro ten a obriga de proceder ó peche do exercicio orzamentario antes do 15 de decembro, co fin de que as contas estean a disposición dos membros da Asociación nos quince días anteriores á celebración da Asemblea Ordinaria.

Artigo 35º.- Os Vogais no número que determine a Asemblea Xeral terán as seguintes atribucións:

1. Realizar programas e propostas na súa área de actuación.
2. Desempeña-los traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva.

CAPÍTULO IV DO RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 36º.- A Asociación no momento de iniciar as súas actividades dispón dun patrimonio de 100 euros. O peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural.

Artigo 37º.- A Asociación funcionará en réxime de orzamento anual. O borrador do orzamento será elaborado polo Tesoureiro da Asociación, que deberá telo preparado antes do un de xaneiro de cada ano, a fin de que poda ser aprobado pola Xunta Directiva.

Artigo 38º.- Os recursos económicos da ONGD para o desenvolvemento das súas fins e actividades serán os seguintes:

- a. As cotas dos/as asociados/as, sexan periódicas ou extraordinarias.
- b. As doazóns e subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
- c. Os ingresos obtidos pola realización de actividades e campañas da asociación.

Lucía

Carla de Feij

Tratamiento



d. Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

Artigo 39º.- As cotas ordinarias acordaranse pola Asemblea Xeral ordinaria, a proposta da Xunta Directiva non sendo reintegrables en caso algún e se adicarán a atender as necesidades da Asociación.

Artigo 40º.- Anualmente con referencia ó último día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición dos/as asociados/as, durante un prazo non inferior a quince días ó sinalado para a celebración da Asemblea Xeral ordinaria, que deberá aprobalo ou censuralo.

Artigo 41º.- Anualmente no tempo que establece o artigo 25 será aprobado o orzamento pola Asemblea Xeral ordinaria.

Artigo 42º.- Para a disposición de fondos das entidades bancarias onde a Asociación teña depositados os mesmos, terán recoñecidas as sinaturas na entidade bancaria correspondente o Presidente e o Tesoureiro, para o emprego conxunto delas.

Artigo 43º.- Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser retribuídos entre os/as asociados/as os recursos obtidos pola Asociación.

Artigo 43ºbis.- Se houbese que contratar persoal para o bo funcionamento da ONGD, poderá ser con carácter retribuído, sempre con previo acordo da Asemblea Xeral.



CAPÍTULO V DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Carles de Viegas

Tratamentolusio

B. Juncos

Lucía



Artigo 44º.- O regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nos presentes Estatutos, non podendo ir en ningún caso en contra do estipulado nos mesmos. En todo caso o funcionamento interno da Asociación estará sometido ó ordenamento xurisdiccional civil.

CAPÍTULO VI DA MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 45º.- Os presentes Estatutos poderán ser modificados a proposta da Xunta Directiva ou dunha cuarta parte dos asociados. A convocatoria da Asemblea Xeral extraordinaria estará acompañada do texto coas modificacións propostas, abríndose un prazo de sete días para que calquera asociado/a poida dirixir ó/á Secretario/a as propostas e enmendas que estime oportunas. Estas complementarán a documentación da citada Asemblea e serán entregadas cunha antelación mínima de tres días á realización da mesma.

Artigo 46º.- Para ser aprobada a reforma dos Estatutos será necesario o voto favorable das dúas terceiras partes dos asistentes á Asemblea Xeral.

Artigo 47º.- A Asociación disolverase polas seguintes causas:

1. Pola vontade dos asociados/as acordada polas dúas terceiras partes dos mesmos/as.
2. Por outras causas determinadas legalmente.
3. Por sentenza xudicial.

Artigo 48º.- Acordada a disolución, a Asemblea Xeral extraordinaria designará tres asociados/as liquidadores, que xunto ó Presidente e o/a Tesoureiro/a, procederán a efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

13



Artigo 49º.- O haber resultante, unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra Asociación non lucrativa e inscrita na Comunidade Autónoma que teña as mesmas ou similares fins ás desta Asociación.

O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da Asociación.

----- Dilixencia para facer constar que os presentes estatutos quedan redactados conforme as modificacións acordadas na asemblea xeral de data 29 de febreiro de 2008 e seguindo o procedemento establecido nos estatutos.

Para que conste, asinan os membros da Xunta Directiva.

D. JOSÉ CARLOS DE MIGUEL BOUZAS
(PRESIDENTE)

EVA CASTRO TUBÍO
(SECRETARIA)

BÁRBARA DE MIGUEL BOUZAS
(VICEPRESIDENTA)

LUCÍA TOJO OTERO
(VOGAL 1ª)

VÍCTOR GIOVANNY BALLENA DOMÍNGUEZ
(TESOUREIRO)

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS
Quedan VISADOS e incorporados ao Rexistro Central desta
Comunidade Autónoma, nº de Rexistro Asociación: 2003/006096-1ª(sc)

Santiago de Compostela

16 XUN 2008

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Santiago A. Rouco Gón

